

ÁMBITO

Localidade COTOBADE

Comarca PONTEVEDRA

Lugar de realización Local Comarcal do BNG en Pontevedra

ÁSISTENCIA

Nº Asistentes (no momento de maior participación) 5

Nº de non militantes asistentes 3

DESENVOLVEMENTO DA ASEMBLEA

Persoas a cargo das que recaeu a explicación do proceso

A nivel local ANXO SANTOMÉ

Representante do Consello Nacional EVA VILAVERDE

NÚMERO DE PERSOAS QUE INTERVIRON 4

Duración aproximada da reunión 1,5h.

Metodoloxía empregada (clásica, Grupo pequeno e centrada sobre todo no tema grupos pequenos, pizarras, etc) da fusión de Concellos (Cotobade-Cerdedo)

VALORACIÓN POR PARTE DA PERSOA RESPONSÁBEL LOCAL DO TRANCURSO DA REUNIÓN

Tono xeral da xuntanza, comparativa cunha asemblea ordinaria, valoración en xeral das e dos participantes, etc.

TONO DISTENDIDO, PARTICIPATIVO E CON PROVEITO, XA QUE NESA XUNTANZA SAÍRON ACTOS/ACTIVIDADES QUE O BNG DEBERÍA REALIZAR A CURTO ARREDOR DA FUSIÓN COTOBADE-CERDEDO.

PROPOSTAS PARA O DEBATE

Listaxe de propostas (o máis sintéticas posíbeis):

- 1- Fusión Cotobade-Cerdedo.
- 2- Situación do Rural.
- 3- Percepción do nacionalismo/BNG en Cotobade.
- 4- Principais problemas do BNG na actualidade máis recente.

PROPOSTAS PARA O DEBATE

Con carácter xeral:

- 1- Fálase sobre a fusión dos Concellos de Cotobade e Cerdedo e queda clara a posición contraria do BNG e das persoas que asistiron e que forman parte da Plataforma veciñal (a poboación non xustifica, non mellora servizos, non soluciona os problemas existentes no concello, diminúe ingresos, non reduce custos...). Valórase como moi positivo o traballo que os referentes do BNG a nivel local están facendo neste tema, o impulso que se lle deu á plataforma, e pídese que este traballo reciba o apoio do BNG Comarcal e incluso nacional, para que se visibilice a súa presenza. Propóñense actos.
- 2- En canto á percepción do nacionalismo, recoñécese que é mala, e que o BNG leva unha liña descendente nos últimos anos provocada, en parte, por unha cuestión de transfuguismo que afectou ao BNG de Cotobade.
- 3- Considérase que o BNG ten un problema de comunicación, a que definen coma "do século pasado", e que valoran debe modernizarse. Tamén se pide unha renovación aínda maior de caras nos órganos de dirección. E apúntase tamén como problema que o BNG nos últimos tempos non tivo un discurso todo o coherente ou claro que debería, ou polo menos iso era o que se trasladaba, o que provocou confusión na xente.
- 4- En canto á situación do Concello: coinciden en que, ao igual que o resto do medio rural, está morto e que a poboación está moi envellecida. No caso de Cotobade a súa principal característica é que se está convertendo nunha cidade dormitorio por unha parte, e pola outra, poboación de fin de semana. Aféctanlle variables como a emigración, o desemprego e a dificultade para construír en núcleo rural polo PXOM.